2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
4. Reposicións  
Reposicion da beirarrúa coa mesma tipoloxía que a existente.
5. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
6. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
7. A fianza de 500 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2021/000247)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. F. Xabier Loureiro Vázquez en representación de D. José Otero Rey, para corta arborado no Camiño dos Borrizos s/n - Cornazo



(Ref. Cat. 9740379NH1194S0001MY).

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2021/000499)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Antioio Lareu Rodiño, para acometida á rede municipal de saneamento na Rúa Bouza de Arriba nº 16 - Vilaxoán (Ref. Cat. 7653705NH1175S0001IG), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo do Concello (Diego teléf. 670.507.938), co que o interesado convirá o momento da súa execución, que realizará baixo a súa inspección e vixilancia.
- A conexión realizarase a pozo de rexistro e o ramal de acometida será con tubo de PVC de  $\text{Æ}$  160 mm como mínimo.
- Repoñeranse tódolos servizos municipais afectados o seu estado inicial.
- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública, disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- A fianza de 200 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Exp. URB/2021/000512)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. María Dolores Muiña Rivadulla, para vado permanente na Rúa Julio Camba nº 10 Bx., de conformidade co informe da Policía Local e o informe técnico, tendo o rebaixe da beirarrúa xa feito.

Comunicaselle que deberá pasar polo Negociado de Rendas a efectos de facturar o importe da placa, para a súa posterior retirada na Portería do Concello.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2021/000517).

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Juan carlos López Ferro, para instalación de toldo na Avda. Dr. Tourón nº 32 - 2º D (Ref. Cat. 9257804NH1195N0011LX).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. urb/2021/000538).

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Angelina Suárez García para acometida á rede municipal de auga para uso doméstico, na Rúa da Coviña nº 15 - Pedroso ( Ref. Cat. 0807910NH2200N0001WE ), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da

súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.

- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga dispórase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Expte. URB/2021/000522)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. María Encisa Fraga para acometida á rede municipal de saneamento na Rúa Montiño nº 28 - Cea (Ref. Cat. 1057612NH2115N0001UK) baixo as seguintes condicións:

- Dada a distancia que media dende a rede de saneamento e o punto de toma solicitado, precísase facer extensión da rede de saneamento en 90 ml con tubería de PVC Ø315 mm, para o cal o concello colaborará con interesado según acordo entre éste e o concelleiro do obras.
- As obras executaranse según memoria técnica valorada redactada polo enxeñeiro técnico municipal, debendo solicitar a empresa contratista ás empresas os servizos afectados pola obra.
- O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
- A reposición do vial correrá a cargo do concello según acordo co concelleiro de Obras.
- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública, dispórase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas. (Exp. URB/2021/000601)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Montserrat Oliveira Rey en representación de COM. PROP. ALEXANDRE BOVEDA 32, para legalización das obras de mantemento de fachada no edificio de vivendas sito na Rúa Alexandre Bóveda nº 36 (Ref. Cat. 9061501NH1196S).

Dése conta ao Departamento de Disciplina Urbanística en relación expte. D-32/21 de inmovible en mal estado, actualmente en tramitación. (Expte. URB/2021/000309)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. M<sup>a</sup> Isabel victoria Solán Presumido en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU, para colocación dun poste de madeira para ampliación da rede de telecomunicacións na Rúa Pena nº 8 - Trabanca Badiña (S/Ref. 8213367), baixo as seguintes condicións:

1. Realizarase un replanteo dos traballos, con localización dos servizos municipais afectados previamente ó inicio dos traballos. Este replanteo farase cos Servizos Técnicos Municipais.
2. Repoñeranse ao seu estado inicial os servizos municipais afectados pola obra. O responsable de tódolos danos producidos e custos que se poderán derivar de dita reposición será por conta do beneficiario desta autorización, sen cargo para o Concello.
3. As obras executaranse cumprindo totalas condicións de garantía e seguridade impostas polas disposicións vixentes.
4. A colocación dos postes previstos deberán respetar a alineación establecida no PXOM.
5. No caso que por circunstancias especiais houberse que colocar o poste a distancias

menores das indicadas, entenderase que se colocan provisionalmente e en precario, debendo Telefónica, retirar os poste se o solicitase o Excmo. Concello, ás distancias esixidas, cando sexa necesario por motivos de ensanche de camiño, ou calquera outra causa de ben público. O cambio de emprazamento dos postes non supoñerá ningún dereito de reclamación de indemnización ao Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.

6. A fianza de 200 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Exp. URB/2021/000301)

## LICENZAS DE OBRAS MAIORES

Informar favorablemente a solicitude de D. Proyectopia SL en representación de D. David Fontán Dalmeida, vistos os informes técnico e xurídico, para construción de vivenda unifamiliar, no lugar de Rúa Vigo nº 4 - Carril, de conformidade co "Proxecto básico para vivenda unifamiliar, cerres e urbanización de parcela" redactado polo Arquitecto D. Víctor M. Hermo Sánchez asinado electrónicamente o 14/06/2021 e documentación complementaria achegada. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano. Plan Parcial da Tomada - Carril
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: vivenda unifamiliar illada
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 6,5 m; 50%
4. Orzamento de execución material: 217.636,07 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 8885114NH11880001SH
6. Técnicos directores das obras: Arquitecto D. Víctor M. Hermo Sánchez

Director das obras D. Víctor M. Hermo Sánchez

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello.

De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente.

Dado que o proxecto presentado é básico, antes do inicio das obras deberá achegar proxecto de execución xunto cos oficios de dirección de execución material e de coordinador de Seguridade e Saúde, todo debidamente asinado e visado polo Colexio Oficial correspondente.

Dése conta ao Departamento de Rendado ós efectos oportunos. (Exp. URB/2020/000613)

Informar favorablemente a solicitude de Dna. María Dolores García Gutiérrez, vistos os informes técnico e xurídico, para construción de vivenda unifamiliar e piscina, no lugar de Rúa Veiga nº 41 - Cornazo, de conformidade co proxecto básico e de execución do Arquitecto D. Carlos Berride Abalo (visado coa data 13/11/2020), documentación complementaria achegada e documento de cesión dos terreos afectados pola traza viaria para a súa incorporación á vía pública. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: solo de núcleo rural. Núcleo periférico de grado 3 (NP3)
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: vivenda unifamiliar
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 6,50 m.; 50%
4. Orzamento de execución material: 66.153,00 €

5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 0146907NH
6. Técnicos directores das obras: Arquitecto D. Carlos Berride Abalo

Arquitecto Técnico D. Jorge Freijeiro Fernandez  
Director das obras D. Carlos Berride Abalo  
Coordinador de Seguridade e Saúde D. Jorge Freijeiro

Fernández

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello.

De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente.

Dése conta ao Departamento de Rendos ós efectos oportunos. (Exp. URB/2020/000854)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Jorge José Deán Fernández en representación de Dña. Silvia Huri de Lama, para construción de piscina de uso particular en Rúa Xabreira nº 11 - A Torre (Ref. Cat. 36060A019005410001HH), de conformidade co proxecto básico e de execución redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Jorge José Deán Fernández e documentación complementaria achegada.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016).

Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ó modelo oficial do Concello.

De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente.

Dése conta ao Departamento de Rendos ós efectos oportunos. (Exp. URB/2021/000068)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Francisco Javier Abalo Diz en representación de M. ABALO SL, para acondicionamento de local para uso administrativo na Rúa Os Duráns nº 7 baixo (Ref. Cat. 9664825NH1196S0009TW), de conformidade co proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico D. José Javier Espiñeira Fandiño, visado coa data de 10/06/2021.

Unha vez que se rematen as obras de acondicionamento do local, achegarase comunicación previa para a apertura do establecemento, que se acompañará da documentación esixida para o funcionamento da actividade.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016). (Exp. URB/2021/000563)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Salvador Fernández Torres en representación de COM. PROP. RODRIGO DE MENDOZA 15, para adaptación de portal e instalación de ascensor no inmovible sito na Avda. Rodrigo de Mendoza nº 15, de conformidade co proxecto técnico redactado polo Arquitecto D. Juan Antonio Villanueva Ruíz, visado coa data 07/04/2021.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016).

- No caso de que se cumpran as condicións previstas no Artigo 3.2 do Real Decreto

1627/1997, de 24 de outubro, deberá procederse polo promotor a designar, con carácter preceptivo, a un coordinador de seguridade e saúde.

- Dése conta ao Departamento de Rendos ós efectos oportunos. (Expte. URB/2021/000310)

Informar favorablemente a solicitude de D. Breixo Rodriguez Olveira en representación de D. Adrián Navia Giráldez, vistos os informes técnico e xurídico, para construción de vivenda unifamiliar illada, no lugar de Rúa Baixada a Pasos nº 6 - Cornazo, de conformidade co proxecto básico do Arquitecto D. Breixo Rodriguez Olveira asinado electrónicamente o 07/01/2021 e documentación complementaria achegada e documento de cesión dos terreos afectados pola traza viaria para a súa incorporación á vía pública (en expte. URB/2020/000878). En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Ordenanza nº 11. Núcleo Periférico NP
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: vivenda unifamiliar illada
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 6,50 m.; 80%
4. Orzamento de execución material: 109.500,00 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 9945501NH1194N0001PZ
6. Técnicos directores das obras: Arquitecto D. Breixo Rodriguez Olveira

Director das obras D. Breixo Rodriguez Olveira

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello.

De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente.

Antes do inicio das obras deberá achegar proxecto de execución xunto co Estudo de Seguridade e Saúde e Oficio de coordinador de Seguridade e Saúde, todo debidamente asinado e visado polo Colexio Oficial correspondente.

Dése conta ao Departamento de Rendos ós efectos oportunos. (Exp. URB/2021/000014)

## **COMUNICACIÓNS APERTURAS ESTABLECEMENTOS**

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade da licenza outorgada por Decreto de Alcaldía do Concello de Vilagarcía de Arousa do 02/06/2017 a Dna. Lorena M<sup>a</sup> González Piñeiro, para posta en funcionamento da actividade de "com.polo miúdo de prendas de vestir" na Pza. de Independencia nº 3 baixo 2, quedando subrogada Dna. Cristina Leiro Agra, na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....." (Expte. ACTI/2021/000040)

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade da licenza outorgada por Decreto de Alcaldía do Concello de Vilagarcía de Arousa do 07/02/2017 a D. Juan Bello Santos, para posta en funcionamento da actividade de "lavado e engraxe de vehículos" (epígrafe 751.5) na Rúa Julio CAmba nº 9 Baixo, quedando subrogado D. Tomás Gómez Rodríguez, na posición

do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Cecreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....." (Expte. ACTI/2021/000070)

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade da licenza outorgada por Decreto de Alcaldía do Concello de Vilagarcía de Arousa do 15/11/2017 a D. Miguel Angel Jareño Doblado, para posta en funcionamento da actividade de "Café-Bar" En Rúa Manuel Antonio nº 10 Baixo, quedando subrogada Dna. Natalia Rebolo Trillo, na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Cecreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....." (Expte. ACTI/2021/000073)

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade da licenza outorgada por Decreto de Alcaldía do Concello de Vilagarcía de Arousa do 15/12/1994 a LOLIÑA SL, para posta en funcionamento da actividade de BAR RESTAURANTE 2 GARFOS en Rúa Alameda Nº 1 Bx.- Carril, quedando subrogada Dna. Raquel Lijó Bouzas, na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Cecreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....." (Expte. ACTI/2021/000074)

## **ASUNTOS VARIOS**

Inadmitir a documentación consistente en "Escritura pública de constitución de servidume de arrimo outorgada o 16/12/2020 ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia D. Francisco Manuel Botana Torrón e dilixencia de retificación do 20/12/2020", presentada en data 21/06/2021 (Rex. WEB2021004545) por Dna. Maria de la Concepción Marcos Ramos, no expediente de construción de vivenda unifamiliar na Rúa Pío XII nº 22, por estar fóra de prazo, xa que o expediente foi resolto de maneira definitiva por Resolución de Alcaldía de data 16/06/2021 denegatoria da licenza municipal de obras, polo que non procede a incorporación de documentación a un expediente arquivado, por canto a lectura do Art. 70.1 LPAC non deixa lugar a dúbidas no referente a que o expediente admnistrativo intégrase polos documentos, actuacións e dilixencias previos ao ditado da resolución que lle poña fin á vía administrativa, sen prexuízo que pola interesada poida formularse nova solicitude de licenza de obra achegando a documentación legal e regulamentariamente esixida. (Art. 353.2.d do RLSG) (Expte. URB/2020/000585)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Verónica Cernadas Capelán en prerestación de XUNTA DE COMPENSACIÓN DA UEI-22 do PXOM de Vilagarcía, para aprobación inicial do Estatutos da Entidade Urbanística de Conservación da UEI 22, de conformidade coa documentación obrante no expediente e cos informes técnicos e xurídico emitidos ao respecto.

Deberá someterse o devandito expediente a información pública polo período DUN MES, mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, así como notificar individualizadamente aos propietarios afectados, para que no prazo DUN MES poidan formular as alegacións que estimen oportunas e solicitar, no seu caso, a

adhesión á Entidade Urbanística. (Expte. R.U. 257)

## **TERRAZAS**

Informar desfavorablemente a solicitude presentada por Dna. Elda Rodríguez Mesejo, para instalación dun parasol diante da porta do establecemento denominado "BAR EL FLACO" situado na Rúa Juan García nº 19 Baixo, xa que tódolos elementos que se instalen (mesas, cadeiras, parasoles, calefactores, anuncios...) deberán quedar dentro do espacio de vía autorizado (16 m<sup>2</sup>) con data 26 de marzo de 2021 mediante Resolución de Alcaldía, para instalación dunha terraza vinculada ao devantido establecemento. (Expte. T/2018/000124)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Benito Espiñeira Martínez en representación de Dna. Eliana Lorenzo Ventoso, para instalación de terraza en terreos privados, vinculada a local de hostelería denominado "BAR A FRANCESA" na Rúa Outeiro nº 2 - Cornazo. (Expte. T/2021/000012)

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:20 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.